



CIRCULAR 15-2018

- A todas as Delegacións (*)
 - A todos os assembleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

VIII Circuito Galego de Marcha Atlética. “Memorial Josefina Romero”

Art. 1º.-- Poderán participar todos os clubs que o desexen, tendo só en conta para a clasificación por equipos aos clubs federados pertencentes á Federación Galega de Atletismo.

Art. 2º.-- Poderá participar todo atleta que o desexe, aínda que para contar para a clasificación os atletas deberán estar en posesión da licenza pola Federación Galega de Atletismo para a tempada 2017/2018.

Art. 3º.-- **Probas puntuables:**

Benxamíns, Alevíns e infantís:

- Campionato Galego de Marcha de Inverno en pista (Lugo, 25/11/2017).
- Campionato Galego de Marcha en ruta (Cangas, 11/02/2018).
- Probas a incluír dentro do circuito como as Xornadas Josefina Romero de marcha atlética, II Trofeo Escola de Marcha da Deputación de Pontevedra ou posibles probas de marcha dentro de trofeos de clubs ou competicións similares que sexan avisadas con antelación/publicadas na web da FGA.
- Campionatos provinciais XOGADE Atletismo en pista, puntuando os atletas con licenza federativa pola Federación Galega de Atletismo na tempada 2017-2018.
- Probas de categorías inferiores do Trofeo Josefina Romero pertencente ao GP Cantones A Coruña – Sergio Vázquez (A Coruña)
- Campionato Galego Benxamín, Alevín e Infantil en pista.

Cadetes, Xuvenís, Juniors, Promesas, Seniors e veteranos (absolutos):

- Campionato Galego de Marcha de Inverno en pista (Lugo, 25/11/2017).
- Campionato Galego de Marcha en ruta (Cangas, 11/02/2018).
- Probas a incluír dentro do circuito como as Xornadas Josefina Romero de marcha atlética, II Trofeo Escola de Marcha da Deputación de Pontevedra ou posibles probas de marcha dentro de trofeos de clubs ou competicións similares que sexan avisadas con antelación/publicadas na web da FGA.
- Se é posible, GP Cantones de A Coruña – Sergio Vázquez (a definir probas puntuables para cada categoría e para a clasificación absoluta).
- Campionato Galego Cadete.
- Campionato Galego Xuvenil, Junior e Promesa.
- Campionato Galego de Veteranos en pista.
- Campionato Galego absoluto ao aire libre.



Art. 4º.-- En cada proba e categoría puntuarán para o seu club ata os dez primeiros atletas clasificados, segundo a seguinte puntuación: 10 puntos ao primeiro, 9 ao segundo, 8 ao terceiro, 7 ao cuarto, 6 ao quinto, 5 ao sexto, 4 ao sétimo, 3 ao oitavo, 2 ao noveno e 1 punto ao décimo.

Art. 5º.-- Proclamarase vencedor absoluto para a tempada 2017/18 ao club que máis puntos consiga sumando o conxunto das probas e categorías. Xuntando ambos sexos. Entregaranse trofeos aos 3 clubs con maior puntuación en homes e aos 3 clubs con maior puntuación en mulleres xuntando a puntuación de todas as categorías e a absoluta.

Art. 6º.-- Establecerase paralelamente unha clasificación individual por categorías para os atletas participantes no Circuito Galego de Marcha atlética "Josefina Romero", tanto masculina como feminina, puntuando para a clasificación individual os dez primeiros de cada proba coa mesma puntuación detallada no artigo 4. Puntuarán as mesmas probas que para a clasificación por equipos. Recibirán trofeo os tres primeiros de cada clasificación entregándose o premio á vez que a clasificación por equipos. Teranse en conta as seguintes categorías: Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, Junior, Promesa, Senior e Veteranos. Os atletas veteranos unificaranse nunha única categoría. Establecerase unha clasificación absoluta (masculina e feminina) á que poden optar todos os atletas desde a categoría xuvenil (xuvenil, junior, promesa, senior e veteranos).

Art. 7º.-- Se se organizan novas probas de marcha non programadas neste regulamento, poderanse incluír na clasificación previa publicación na web da FGA.

Art. 8º.-- A proclamación dos vencedores e a entrega de trofeos correspondentes desenvolverase no mellor momento posible, sendo este, seguramente, xa na tempada 2018-2019 cun campionato galego de marcha.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA



A Coruña, 9 de febreiro de 2018